

SU PE R8


Espectáculo de Voadora en coproducción co Centro Dramático Galego

2008

PeriFeria

2009-2010

Super8

2010

TOKI03

T R I L O X Í A

Super8 é a segunda entrega da **triloxía "Lugares Comúns"** e, ao mesmo tempo, o terceiro traballo da compañía.

"*Lugares Comúns*" refírese aos espazos, reais e imaxinarios, que compartimos e como estes puntos de encontro influencian na procura da identidade do individuo contemporáneo.

A triloxía explora tres eixes temáticos diferentes -o fracaso, a **memoria** e o paraíso- relacionados co tempo -**presente**, **pasado** e **futuro**-.

Super8

O cine como metáfora da memoria e a memoria como teatro do vivido.

Poñamos que a memoria é o cuarto no que almacenamos todas as vellas películas caseiras que fomos compilando ao longo da vida. Nos seus andeis amoréanse latas e máis latas de celuloide, en cada unha delas se encerra un recordo noso: lembranzas diáfanas, falsos relatos, episodios para revivir centos de veces, outros que máis vale esquecer ... A memoria é selectiva e ás veces traizoeira, pero é nosa. Somos directores deste filme *amateur* que é a nosa propia vida.

Teatro, memoria e cine son nesta comedia musical tres espellos colocados en triángulo, nun xogo de referencias mutuas que non se detén porque Super8 é un espectáculo sobre a paixón pola vida, un espazo amplo para o libre e o inesperado.



**DIRECCIÓN E
DRAMATURXIA**

Marta
Pazos

INTÉRPRETES

Jose Díaz
Uxía P. Vaello
Marta Pazos
Hugo Torres
Sergio Zearreta

**MÚSICA
ORIXINAL**

Jose Díaz
Hugo Torres

ILUMINACIÓN

Baltasar
Patiño

**ESPAZO
ESCÉNICO**

Sandra
Varela

ESTILISMO

Fany
Bell

COREOGRAFÍA

Uxía
P. Vaello

**ASISTENCIA
DIRECCIÓN**

Anabell
Gago

**APOIO
DRAMATURXIA**

Roberto
Leal

XASTRA

Clotilde
Vaello

**DESEÑO
GRÁFICO**

Sara Pazos
Manu Lago

FOTOS

Carlos
Teles

**XEFE
PRODUCCIÓN**

Jose
Díaz

**ASISTENCIA
PRODUCCIÓN**

Belem
Brandido

**DESEÑO
WEB**

Onetune
Pablo
Díaz

COLABORA

Trigo Limpo
Teatro Acert



Super8 pre-estréase no FINTA - Teatro Acert de Portugal, 2009 tras unha residencia artística e estréase no Salón Teatro de Compostela en abril de 2010



Voadora son

Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres

Deseño web

Onetune - Pablo Díaz

Deseño gráfico

Sara Pazos & La Tía Mardalina

Distribución & Prensa

La Tía Mardalina - Manu Lago

Vídeo

Jose Díaz

Xestión

Voadora

Agradecementos Super8

Natalia Outeiro "Pajarito", Montse Triola, Afonso Castro, Paula Torres, Antonio Bruno, Afonso Cortez, Pompeu José, Mariluz García, José Luis Díaz, Concha Antas, Vanessa Grela, Ángel L. Rueda, Fernando Pujalte, Ana María Domínguez, Cecilia Carballido, Cristina Domínguez, Enrique Varela, Zé Rosa, Berrobambán, Xaime Lis, Pela del Álamo, Gael Herrera e, moi especialmente, a Antonio Docampo.

Dedicado a Cibrián e Olivia.



MARTA PAZOS (Pontevedra, 1976)

Actriz, directora e artista plástica, é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. En 1999 funda a compañía Belmondo. Estuda na Escola de Teatro e Danza Contemporáneos Espacio Aberto e completa a súa formación con Gaulier, Bassi, Edwards, Gutiérrez Caba, de Bont, Wrigh, Jérôme Bel, La Ribot, Mónica Valenciano, Andrés Corchero, Ion Munduate, Blanca Calvo, Olga Mesa e Ana Vallés. Traballa en espectáculos do Teatro Nacional São João do Porto, Centro Dramático Galego, Centro Dramático de Aragón-Teatro Español e nas compañías Matarile, Chévere, Trigo Limpo, PistaCatro e La Fura dels Baus. Dirixe espectáculos para Trigo Limpo, Almashará-Teatro, Baal17 e Arrepentimentos de Padrón (premio mellor espectáculo do Festiclown 2001). Participa nas longametraxes One day in Europe, El año de la garrapata e Hai que botalos; nos documentais A cuarta pista e Mulleres en escena, así como nas series A vida por diante, Pepe o inglés, As leis de Celavella, Avenida de América e Pequeno Hotel e roda unha ducia de curtametraxes. Realiza deseños de escenografía para Belmondo, Mea Culpa e Sapristi (que lle vale a candidatura aos premios de Teatro María Casares 2006 á Mellor Escenografía por So-Sobre).

JOSE DÍAZ (A Coruña, 1976)

Actor, produtor, realizador e compositor. Combina o seu oficio de produtor co de guionista e director de curtametraxes. Desde 2001 é o produtor, guionista e realizador de Tresdeseos Animación S.L. Foi xefe de produción dos videoclip de Fangoria No sé que me das e Eternamente inocente para Esferobite. Escribiu, dirixiu, produciu e editou cinco curtametraxes, entre as que destacan Coco e Bobo de paseo pola realidade, gañadora de varios premios a nivel nacional e adquirida por RTVG para a súa emisión, e Formularios Truculentos, aínda en fase de distribución por festivais e tamén adquirida por RTVG. Leva a xefatura de produción no 2007 de Kamikaze, espectáculo de novo circo para Pistacatro Produtora de Soños en coprodución co Centro Dramático Galego e a xefatura de produción no 2006 do Festival de Teatro de Rúa de Compostela D'Gorra 06.

UXIA P. VAELO (Vilagarcía de Arousa, 1978)

Fórmase en Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela e en danza na Escola Superior de Danza de Lisboa, así como con Rui Horta, Margarida Bettencourt, Anabelle Bonnéry, Angélique Willkie, Guillermo Weickert, Francisco Camacho, Jean Paul Bucchieri, Anton Skrzypiciel, Janusz Subicz, Andrés Corchero, Roberto Fratini etcétera. Crea e baila o solo Arder nun hotel (presentado en varios festivais) e colabora con Borja Fernández en Play, Rewind e Assemblage, con Laura Lizcano. Impartiu clases de danza no Espazo de Danza da USC, para o cal coreografou a peza Cun par de tacóns!

HUGO TORRES (Viseu, 1973)

Actor e compositor. Inicia a súa andaina teatral en Trigo Limpo - Teatro ACERT e fórmase en teatro e interpretación na Escola Superior de Música e das Artes do espectáculo do Porto e no Centre D'estudis Cinematogràfics de Catalunya. Completa a súa formación artística con Bibi Perestrelo, Kot Kotecki e José Carretas, António Tavares e Adriana Candeias, Fran Pérez e Nuno Patrício, Miguel Andrade Gomes e Luís Madureira. Participa en espectáculos dirixidos por Ricardo Pais, Giorgio Barberio Corsetti, Nuno Carinhas, Nuno Cardoso, António Durães, Centro Dramático Galego, Quico Cadaval, Jorge Silva Melo, Junior Sampaio, João Brites, José Carretas, Rui Spranger, Nuno Cardoso, Pierre Voltz e Marcos Barbosa. É co-responsable da dramaturxia e dirección, con Paulo Oliveira e Miguel Mendes, de Teatro Explicado ao Noctívago e Três em Linha. Participa como actor en diversas curtametraxes durante o período de 2003-07 e protagoniza a longametraxe Poliedro de Ignacio Nacho. Na súa faceta de músico integra varias formacións como compositor e instrumentista.

SERGIO ZEARETA (Amorebieta, 1975)

Actor de variados rexistros, músico e cantante en formacións de éxito; actualmente é, ademais de actor e profesor de teatro, o vocalista de Lamatumbá. Inicia a súa andaina coa Sardiña (A Coruña), compañía Maricastaña de Ourense baixo dirección de Fernando Dacosta. Versionou Novecento de Baricco e participou en varias montaxes de Matarile Teatro e Patatín e Patatán.

BALTASAR PATIÑO

Iluminador. É o iluminador e escenógrafo habitual da compañía Matarile Teatro e foino do Teatro Galán e En Pé de Pedra. Traballou ademais para Cesc Gelabert, Provisional Danza, Nut Teatro, Cía 10&10 Danza, Andrés Corchero, Cambaleo Teatro, Teatro do Atlántico, Teatro Galileo, Mofa e Befá, Centro Dramático Galego, Centro Dramático Nacional, Gelabert-Azzopardi, Sapristi Teatro, Auditorio de Galicia, Centro Coreográfico Galego, Teatro de la Abadía e Concha Bustos. Os seus traballos foron premiados en innumerables ocasións: Premios María Casares por mellor iluminación en seis ocasións, Premios María Casares á mellor escenografía en catro ocasións, Premios Compostela de Teatro á Mellor Iluminación en dúas ocasións. En 2009 foi finalista na categoría de Mellor Iluminador nos Premios Max.

SANDRA VARELA (Santiago, 1973)

Escenógrafa. Formada na escola de Artes Aplicadas Mestre Mateo de Santiago de Compostela e en Deseño Gráfico e Gráfica Publicitaria na Escola de Artes Plásticas Pablo Picasso da Coruña, exerce como directora artística en varias curtametraxes e tamén realiza deseños de vestuario para diversas montaxes de audiovisual e teatro. Forma parte do equipo da Festa do Circo de Pista Catro.

FANY BELL (A Coruña, 1977)

Estilista. Posúe unha longa traxectoria como maquilladora en cine, teatro e televisión. Gaña o Premio María Casares en 2004 na categoría de maquillaxe. Realiza o estilismo completo do espectáculo debut de Voadora PeriFeria, que lle vale a candidatura á mellor maquillaxe nos Premios María Casares 2009.



Distribución & Prensa

La Tía Mardalina Manu Lago - 0034 618 81 03 70
info@latiamardalina.com **www.latiamardalina.com**
Avda. de Lugo 255- 4º 15703 Compostela Spain



www.voadora.es